CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO
SECRETARÍA DO PLENO
Data 18 SET. 2019
ENTRADA
Hora ..... Núm. 152

COMPOSTELA ABERTA

PREGUNTA ORAL DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O PROCESO DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS "COMPOSTELA DECIDE"

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PREGUNTA ORAL para a súa resposta no Pleno sobre o proceso de Orzamentos Participativos "Compostela Decide"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de setembro, o alcalde anunciou en rolda de prensa que "o Goberno municipal xa comezou a traballar nas ordenanzas fiscais e nos orzamentos para 2020, coa previsión de telos pechados en outubro".

Como xa é sabido, nos orzamentos municipais para 2019 aprobados polo Pleno da Corporación no pasado mes de agosto, o Goberno acordou suprimir as actuacións que foran seleccionadas no proceso de Orzamentos Participativos *Compostela Decide 2018*, así como rebaixar notablemente as contías destinadas aos proxectos pendentes do proceso de OPs de 2017. Desapareceron das contas municipais actividades vinculadas ás Festas do Apóstolo (Festas com Alboradas, Jams de Barrio, autobuses nocturnos...); actividades vinculadas á área de Mocidade (cinema ao aire libre, aulas de autoestima feminista, formación en consumo responsable, hortas ecolóxicas para a mocidade...): e investimentos que sumaban máis de 1,5 millóns de euros (reforma do viario A Pajuela-Campo da Festa, en Marrozos; a recuperación da rúa da Caramoniña, a dotación de mobiliario no patio do CEIP Apóstolo Santiago, melloras na conexión da Casa do Matadoiro e o Parque de Belvís, ou a rehabilitación da Casa das Máquinas)

Estes proxectos foron comprometidos polo Concello no marco dun proceso regulado, desenvolvido por unha empresa á que se lle adxudicou o servizo en maio de 2018, e no que a veciñanza puido formular as súas propostas desde o mes de xuño do mesmo ano. Esas propostas foron despois avaliadas polos técnicos municipais para comprobar a súa viabilidade económica e legal e posteriormente, entre setembro e outubro de 2018, a veciñanza votou as propostas para a súa incorporación aos orzamentos municipais de 2019.

Nas tres edicións dos Orzamentos Participativos Compostela Decide participaron case 5.000 persoas con dereito a voto, cun aumento do 33 por cento na participación da cidadanía no proceso de 2018. Esas cifras indican a consolidación do procedemento, que mesmo permitiu a captación de fondos europeos dentro do proxecto Atlantic Social Lab.

Por todo isto, formúlase a seguinte pregunta:

- **Vai incorporar o Goberno ao seu proxecto de Orzamentos Municipais de 2020 as actividades a investimentos vinculados ao proceso de Orzamentos Participativos Compostela Decide que suprimiu nas contas de 2019 e que previsión ten para retomar os procesos de participación para a elaboración das contas públicas?**

Santiago de Compostela,18 de Setembro de 2019

COMPOSTELA ABERTA

Martiño Noriega Sánchez

GRUPO MUNICIPAL

Portavoz do Grupo Municipal de Compostela Aberta

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA